



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 28 DE AGOSTO DE 2025

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 28 de agosto de 2025 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública extraordinaria e en primeira convocatoria.

**Preside:** D. Alberto Rey Paz

**Asisten:**

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez

D. Darío Santalla López

D. Diego Graña Pérez

D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca

D. Julián Blanco Rodríguez

D. Brais Prieto Verdial

D<sup>a</sup> Rocío Martínez Martínez

**Non asisten, con causa xustificada:**

D. Jose Manuel Luaces Piñón

**Secretario:** Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de membros deste órgano en **quórum suficiente**.

**Os concelleiros recoñecen haber recibido toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día** que debe servir de base ao debate, e no seu caso a votación, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Como cuestión previa, e coa intención de incorporar un novo punto á orde do día, o Alcalde expón que coa finalidade de evitar un pleno extraordinario, e logo de recibir requirimento da Xunta para establecer os festivos locais do ano 2026, solicítase tratar no presente pleno a fixación de ditos festivos.

Seguindo as normas establecidas no ROF, o alcalde somete a votación a ratificación da urxencia da inclusión de un novo punto na orde do día, co seguinte resultado:

Votos a favor: 4

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Como resultado da votación, inclúese na orde do día a seguinte proposta:

**Primeiro.- Establecer como festivos locais para o ano 2026 os seguintes días:**

17 de febreiro



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



6 de xullo

**Segundo.-** Remitirille copia deste acordo á Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Traballo e Benestar.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

### 1. Aprobación da acta do pleno do 30/06/2025 e do 04/07/2025

O Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior.

Ningún dos asistentes require aclaracións, polo que se somete a aprobación a acta co seguinte resultado:

- Sométese a votación a aprobación da acta do 30/06/2025 co seguinte resultado.

Votos a favor: 7

Votos en contra: 0

Abstencións: 1. Don Xulián solicita aclarar que se abstén porque non asistiu á dita sesión.

- Acto seguido sométese a votación a aprobación da acta do pleno do día 04/07/2025 co seguinte resultado.

Votos a favor: 7

Votos en contra: 0

Abstencións: 1. De novo Don Xulián solicita aclarar que se abstén porque non asistiu á dita sesión.

### 2.- Fixación dos festivos locais para o ano 2026.

O alcalde pasa a dar lectura a seguinte proposta:

*Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festas locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e dado o requirimento de información requirido por parte da Consellería de promoción de Emprego e Igualdade, esta alcaldía propón ao pleno a aprobación da seguinte proposta.*

**Primeiro.-** Establecer como festivos locais para o ano 2026 os seguintes días:

17 de febreiro

7 de xullo

**Segundo.-** Remitirille copia deste acordo á Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Traballo e Benestar.

O alcalde xustifica ditas datas facendo as seguintes aclaracións:



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org)

[correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



Respecto do día 17 de febreiro, que se trata do martes de entroido, e o día 7 de xullo é o luns e que lle toca a Cerdido no ano 26 ter festivo o luns despois das festas.

**NOTA:** Na redacción da presente acta, apreciase que o 7 de xullo de 2026 é martes e non luns. Informase deste feito a todos os membros da corporación que aceptan que se trata de un erro material, polo que se fixa como festivo o 6 de xullo e non o 7.

Don Brais amosa a súa desconformidade co feito de non haber sido informados da elección deses días como festivos, a pesar de estar conforme coa elección dos mesmos.

O alcalde alega que como todos os anos se segue o mesmo criterio, non lle deu importancia á posible notificación.

Feitas a aclaracións, sométese a proposta a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 4

Votos en contra: 0

Abstencións: 4.

Como resultado da votación, queda aprobada a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Establecer como festivos locais para o ano 2026 os seguintes días:

17 de febreiro

6 de xullo

**Segundo.-** Remitirlle copia deste acordo á Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Traballo e Benestar.

### 3.- Convenio coa Deputación Provincial para a compra de tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro.

O Alcalde pasa a dar lectura á seguinte proposta:

Esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello:

**Primeiro.-** Aprobar a participación deste concello no convenio coa Deputación Provincial para a compra de tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro,

**Segundo:** Aprobar o presuposto de gasto co seguinte desglose:

Tractor: 102.000,00 euros máis euros de IVE

Desbrozadora de brazo lateral: 46.000,00 euros máis 9.600,00 euros de IVE

Máquina escavadora miniretro: 31.500,00 euros máis 6.615,00 euros de IVE

Total: 179.500,00 euros máis 37.695,00 euros de IVE

**Terceiro.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos con este asunto.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



O Alcalde aclara que xa no ano pasado se solicitara dita axuda. Que a Deputación abriu de oficio o expediente, e que se está a achegar toda a documentación solicitada.

Ningún dos asistentes quere facer uso da palabra nin solicitar aclaración, polo que se somete a votación a proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Como resultado da votación queda aprobada a seguinte proposta.

**Primeiro.-** Aprobase a participación deste concello no convenio coa Deputación Provincial para a compra de tractor con rozadoira e máquina escavadora miniretro,

**Segundo:** Aprobase o presuposto de gasto co seguinte desglose:

Tractor: 102.000,00 euros máis euros de IVE

Desbrozadora de brazo lateral: 46.000,00 euros máis 9.600,00 euros de IVE

Máquina escavadora miniretro: 31.500,00 euros máis 6.615,00 euros de IVE

Total: 179.500,00 euros máis 37.695,00 euros de IVE

**Terceiro.** Facultase ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

#### 4.- Modificación da ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

O alcalde procede a dar lectura á seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación de Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

**Segundo.** Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://www.cerdido.org/> o obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**Terceiro.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



O alcalde lembra que en plenos anteriores xa se falara das contías e tramos que se ían establecer.

Don Brais reprocha a non remisión da copia do borrador da ordenanza. Aclárase que non foi enviada por erro involuntario.

Feitas as aclaracións anteriores, sométese a votación a proposta de modificación da ordenanza reguladora do ICIO co seguinte resultado.

Votos a favor: 4

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Como resultado da votación, queda aprobada a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobase a modificación de Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

**Segundo.** Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://www.cerdido.org/> o obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**Terceiro.** Facultase ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

### 5.- Dar conta ao Pleno do Período Medio de Pago a provedores. (PMP)

O alcalde informa que na data do pleno, o PMP do Concello de Cerdido é de 3,55 días.

### 6.- Dar conta da remisión da Conta Xeral do ano 2024 ao Consello de Contas.

O alcalde informa ao Pleno do seguinte:

Tramitado o expediente administrativo número Tedec: 2025/T017/000001 de aprobación da Conta Xeral do ano 2024 no que consta a documentación para a rendición da Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio de 2024 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día 30/04/2025 e unha vez rematado o período de exposición ao público, publicado no BOP do día 08/05/2025



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



e de acordo co artigo 212.3 do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Dende esta alcaldía informase ao Pleno que a referida Conta Xeral foi remitida ao Consello de Contas xunto coa documentación requirida para a súa rendición o día 25 de agosto de 2025

### 7.- Relación de decretos da Alcaldía para dar conta ao pleno ordinario de agosto de 2025

Núm.	Fecha	Asunto
142	24-06-25	Pleno Ordinario 27/06
143	25-06-25	Convocatoria selección personal APROL RURAL 25 TR351G
144	26-06-25	Alta no padrón municipal de habitantes en Vila da Igrexa, 38, Cerdido
145	27-06-25	Nóminas e pagas extraordinarias do mes de xuño de 25 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de maio de 25.
146	27-06-25	redacción PPT contrato telefonía
147	27-06-25	Convocatoria selección personal APROL RURAL 25 TR351G
148	30-06-25	Contrato Menor: Campamento de verán 25
149	30-06-25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/5
150	30-06-25	Aprobación das bases da convocatoria de selección de 3 peóns (PEL 25)
151	01-07-25	Convocatoria Pleno extraordinario 04/07
152	01-07-25	Solicitud de TARXETA APARCAMENTO por RAZÓN HUMANITARIAS
153	03-07-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/TC/02 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO
154	03-07-25	POS+2023 PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO DE PENADOVICO-CASALDEGONCE E OUTROS
155	03-07-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/XC/04 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS SUBVENCIÓN PROGRAMA CORRESPONSABLES 25. SUBVENCIÓN INSTALACIÓN PUNTO DE RECARGA PÚBLICO PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS. SUBVENCIÓN EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A MELLORA DO SISTEMA DE COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN DOS VECIÑOS CO CONCELLO E OUTRAS ADMINISTRACIÓNS.
156	03-07-25	POS+2023 PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO DE PENADOVICO-CASALDEGONCE E OUTROS



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



157	04-07-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/XC/05 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS CONVENIO CONTRA INCENDIOS 25
158	09-07-25	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 20, Cerdido
159	09-07-25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/6
160	09-07-25	Aprobación pago IRPF (mod. 111) e IVE (mod. 303) do 2º Trimestre de 25
161	09-07-25	APROBACIÓN DO PAGO DA ACHEGA DO CONCELLO DE CERDIDO CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE DE 25, PARA O COFINANCIAMENTO MUNICIPAL DO GDR 24 ASOCIACIÓN SEITURA 22
162	09-07-25	Nomeamento e convocatoria do tribunal seleccionador
163	11-07-25	Adxudicación do contrato menor de servizos para o desbroce de vías municipais. Convenio de incendios 25-26
164	11-07-25	Relación de recibos correspondente ao mes de xuño de 25 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
165	11-07-25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PAGAMENTO DA FACTURA NÚMERO 067 CON NÚMERO DE REXISTRO CONTABLE F/644
166	16-07-25	ARRANXO COCIÑA CEIP A BARQUEIRA
167	18-07-25	Segregación de una finca con la finalidad de hacer dos fincas Lugar de Pena
168	21-07-25	Convocatoria selección personal: 2 peóns por un período de 5 meses e 1 peón por un período de 2 meses a xornada completa (PEL 25)
169	21-07-25	Aprobación da Certificación única da obra de Mellora Camiño Penso a Cubos (POS+ADICIONAL 2021), e aprobación e pago da factura núm. A. 25013 con NRC F/585.
170	23-07-25	REFORMA ESCOLA DO CASTRO
171	23-07-25	Convocatoria selección personal: 2 peóns por un período de 5 meses e 1 peón por un período de 2 meses a xornada completa (PEL 25)
172	23-07-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/TC/03 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO
173	28-07-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/XC/06 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN MUNICIPAL.
174	30-07-25	Solicitud de servizo de axuda no fogar de MARÍA MÉNDEZ MOURIZ
175	30-07-25	Nóminas do mes de xullo de 25 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



		sociais correspondentes ao mes de xuño de 25.
176	30-07-25	Convocatoria de selección personal para a creación dunha bolsa para a contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar
177	01-08-25	Alta no padrón municipal de habitantes en Torre, 6, A Barqueira
178	31-07-25	Adxudicación subministro pantallas
179	01-08-25	AGADER 25-26 - MELLORA VIARIO FREIS -VILARELLE
180	05-08-25	EFICIENCIA ENERXÉTICA PAVILLÓN
181	05-08-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/TC/04 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO
182	06-08-25	Relación de recibos correspondente ao mes de xullo de 25 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
183	07-08-25	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/7
184	08-08-25	Dirección da obra e da coordinación de seguridade e saúde da obra "Pavimentación en camiño de Penadovico-Casaldegonce e outros"
185	08-08-25	AGADER 2024-25 Plan marco de mellora de camiños. (MR701E)
186	11-08-25	Adxudicación POS+2023 Pavimentación en camiño de Penadovico-Casaldegonce e outros
187	11-08-25	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavella, 4, A Barqueira
188	12-08-25	Alta no padrón municipal de habitantes en Ulfe de Malados, 5, A Barqueira
189	12-08-25	Alta no padrón municipal de habitantes en Torre, 6, A Barqueira
190	14-08-25	Adxudicación da Adquisición de punto de recarga para vehículos eléctricos
191	22-08-25	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/XC/07 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN POS+2024 PARA INVESTIMENTO. ABASTECIMENTO ÁREA RECREATIVA O CASTRO.

O alcalde pregunta se algún dos asistentes necesita aclaracións.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 146 de data 27/06/2025: *REDACCIÓN PPT CONTRATO TELEFONÍA*

O alcalde aclara que se trata de uns pregos para sacar a licitación o contrato de telefonía. Don Brais pregunta o importe pero o alcalde non o lembra. Que ronda os 1.600,00 euros.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 148 de dta 30/06/2025: Contrato menor; Campamento verán 2025. A canto ascende o contrato?

O alcalde aclara uns 12.000 euros sin precisar a cantidade exacta.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 152 de data 01/07/2025: Solicitud de TARXETA APARCAMENTO por RAZÓN HUMANITARIAS

O alcalde aclara que é un aparcamento de discapacitados.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 153 de dta 03/07/2025; EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/TC/02 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO

O alcalde informa que son varios cambios de créditos de unhas partidas a outras, de alumado, de instalacións deportivas, e administración xeral. Que o importe é de 13,336,35 €

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 155 de dta 03/07/2025. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 25/XC/04 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS SUBVENCIÓN PROGRAMA CORRESPONSABLES 25. SUBVENCIÓN INSTALACIÓN PUNTO DE RECARGA PÚBLICO PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS. SUBVENCIÓN EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A MELLORA DO SISTEMA DE COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN DOS VECIÑOS CO CONCELLO E OUTRAS ADMINISTRACIÓN.

O alcalde informa que se trata da subvención do punto de recarga. E as pantallas son as da fachada do Concello e a do Salón de plenos.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 161 de dta 09/027/2025; APROBACIÓN DO PAGO DA ACHEGA DO CONCELLO DE CERDIDO CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE DE 25, PARA O COFINANCIAMENTO MUNICIPAL DO GDR 24 ASOCIACIÓN SEITURA 22

O alcalde informa que se trata da cuota de Xeitura. 773,00 euros anuais.

- Dona Rocía solicita aclaracións sobre o decreto 166 de dta 16/07/2025; ARRANXO COCIÑA CEIP A BARQUEIRA. Que se está a facer?

O alcalde contesta que aínda están coas obras. Que cree que terminan mañá. Que se cambiaron azulexos, sistema eléctrico e auga. Que estes sistemas se rozaron nas paredes.

Don Brais pregunta canto custou a reforma, e o alcalde contesta que 13.893,00 euros feitos con fondos propios.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 178 de dta 31/07/2025; ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO DE PANTALLAS.

O alcalde aclara que se trata da subvención da pantalla de conferencias e da pantalla de fora.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 185 de data 08/08/2025; AGADER 2024-25 Plan marco de mellora de camiños. (MR701E)

O alcalde contesta que se trata da Mellora do Viario Freis – Vilarelle. Rectifica que o Freis Vilarelle é do AGADER 25 -26. e o 24/25 xa foi, que era Riba de Abaixo e Felgueira.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 190 de data 14/08/2025; Adxudicación da Adquisición de punto de recarga para vehículos eléctricos

O alcalde contesta que é a adxudicación a empresa PROIMEL do contrato de reparación de paneis solares e do punto de recarga. 12.150,00 euros mais IVE.

### 8.Rogos e preguntas

- Don Brais lembra ao alcalde que a pista da Cuqueira estás amañada, pero a da Rañoa está en mal estado. O alcalde informa que era unha reparación en zorra, e que está amañada. Que aínda están sen xustificar ante Deputación. Don Brais insiste en que a pista da Rañoa, polo uso da maquinaria, non está en bo estado.

- Don Brais pregunta a quen se lle adxudicou a obra da Casa da Cultura, e se participaron mais empresas. O alcalde contesta que a Guerreiro Somozas, e que participaron mais empresas. Que unha mais polo menos.

- Don Brais informa que é preciso tomar medidas co desaugue do campo de fútbol. O alcalde informa que se están a tomar medidas para reparar dito defecto da instalación deportiva.

- Don Brais pregunta se na obra de mellora do campo de fútbol se fixeron mais obras que as que viñan no proxecto. O alcalde informa que si. Que o pintado do muro cambiouse por cambiar toda a rede co campo.

- O voceiro do grupo socialista e algúns dos concelleiros poñen de manifesto o mal estado de numerosos tramos de beirarrúas do concello. O alcalde informa que se están a reparar algúns tramos e que o concello ten encargadas plaquetas para continuar coas obras de reparación de numerosos tramos

- Dona Rocio informa que hai zonas do Concello que precisan de mais contedores para o lixo. O alcalde di que se poden pedir. Dona Rocio di que aínda que só sexa no verán, debería reforzarse a instalación de contedores.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



- Don Brais recrimina ao concello que non se loitase por establecer a sede do Xeoparque en Cerdido. O alcalde di que non ten sentido que Cerdido acolla a sede. Que é un dos concellos membros con menos activos turísticos para acollela, ao igual que Moeche. Don Brais cree que debería haberse presentado a candidatura.

- OS membros da corporación retoman o tema da falta de contedores. O alcalde insiste en que se poden solicitar. Todos os membros do pleno falan a vez resultando imposible transcribir as conversacións. Dona Rocío insiste en que os contedores cheos vense sin esforzo e o alcalde insiste en que se pode chamar ao concello para que se recolla o lixo.

- Don Brais informa do mal estado das veiras das pistas municipais. Di que de nada serve que empece a desbrozarse cedo se despois están cheas de maleza. Que hai pistas por onde non pasa un coche por mor da maleza. O alcalde di que son moitas pistas e que non se pode centrar de seguido nunha. Que se sigue un plan de desbroce cos medios que se dispón. Don Brais insiste en que hai pistas que necesitan mais limpeza que outras. O alcalde insiste en que chegaron a estar catro tractores desbrozando.

Don Brais recrimina que en catro anos non se mellorase a xestión dos desbroces.

Mentres fai uso da palabra o voceiro do partido socialista, doan Amalia emite unhas verbas de desaprobación; “é *increíble*” ao que Don Brais responde dicindo que o que é increíble e que durante catro anos, o Partido Popular de Cerdido só criticou a xestión do anterior goberno e mentindo, e que despois de dous anos no goberno contesten ás queixas da oposición alegando que é o que hai. Recrimina a dona Amalia que durante catro anos na oposición criticase as actividades culturais do anterior goberno e que agora leve dos anos sen facer obras de teatro no verao.

O alcalde ordena cambiar de asunto.

Don Brais non fai caso ao alcalde e sendo as 21:25 horas, faise a primeira chamada ao orde do señor Prieto.

As 21:26 horas chamase por segunda vez ao orde ao señor Prieto.

As 21:27 horas, o voceiro do PSOE dille ao grupo do Partido Popular, que si non lles gusta a crítica que se dediquen a xogar ao dominó, e o alcalde procede a facer a terceira chamada ao orde e expulsa da sala o Don Brais Prieto Verdial que acata a orde.

- Dona Rocío pregunta a dona Amalia que se fixo na Rede Cultural de xuño a setembro. Dona Amalia de que música, presentación da revista Terras de Ortegal. Que de Rede Cultural están previstas actividades a partir de agosto. Que no verán no se fan actividades por falta de asistencia. Que é a súa forma de xestión. Que en outubro están proxectadas obras de teatro.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



- Don Xulián pregunta polas fugas de auga. Si se poden adoptar medidas. O alcalde informa que están pendentes actuacións de VIAQUA, e que cree que están incluídas as revisións de toda a liña. Que hai un estudo de perdas de augas pendente de realización.

- Respecto da substitución das sinais do Concello, Don Xulián pregunta si hai avances e si se colocaron algunhas. O alcalde contesta que faltan por entregar 300 e que a subvención non inclúe a instalación. Só o subministro.

- Dona Dolores interesase polo estado de tramitación da instalación do parque eólico. O alcalde informa que está todo parado. Que non hai novas do asunto.

- Don Julián pregunta polo orzamento do 2025. O alcalde di que cree que en outubro estará rematado.

E sen mais asuntos a tratar, polo Señor Alcalde levantase a sesión sendo as 21 horas e 32 minutos do día 28 de agosto de 2025, do que eu coma Secretario, dou fe.